Documento base (sección 7):
AS TEORÍAS ÉTICAS ANTE OS RETOS DA SOCIEDADE ACTUAL

1. AS DEFINICIÓNS DO BEN MORAL

A reflexión ética é un dos ámbitos mais fértiles da filosofía dende o momento da súa aparición en Grecia ata a actualidade. Pero neste campo, como no resto da filosofía, non existe unha unanimidade de enfoques e opinións, senón mais ben unha pluralidade de teorías que se sosteñen vigorosas a pesar das súas discrepancias.

A finalidade á que aspira toda teoría ética é definir en qué consiste o ben moral. Pero a definición e concreción dese ben depende fundamentalmente do ámbito da vida no que se poña mais énfase: o propio e persoal ou o social e comunitario. De ai que sexa relativamente doado clasificar as diferentes teorías éticas como teorías da felicidade (plano persoal) ou teorías da xustiza (plano comunitario). Sen embargo, no contexto da sociedade actual, parece cada vez necesario chegar a unha certa síntese de ambos enfoques. A forte conciencia social de igualdade democrática e o estilo de vida privada hedonista das sociedades contemporáneas tenden a entrar en conflito e demandan unha harmonización que moitos autores creen posible e necesaria. Baixo este enfoque nacen algunhas das teorías éticas actuais mais fértiles, como vermos mais adiante.

1.1. Felicidade e xustiza nas teorías éticas

Un criterio moi común para clasificar a pluralidade de teorías éticas e o da distinción entre éticas *teleolóxicas* e éticas *deontolóxicas.* As éticas teleolóxicas afirman que existe unha verdadeira natureza humana que se pode definir e que o seu pleno desenvolvemento constitúe o obxectivo ou finalidade última da vida humana (*télos* en grego significa fin ou finalidade). En consecuencia con este suposto, afirman que a consecución da finalidade da vida proporciona a felicidade das persoas. As teorías éticas deontolóxicas, pola contra, negan que se poida definir a natureza humana e, polo tanto, concretar en qué consista a felicidade; isto é mais ben unha cuestión particular de cada quen. A tarefa dunha teoría ética non é polo tanto a definición da felicidade senón, mais ben, a definición do deber, isto é, o establecemento das condicións que ha de ter toda norma ou decisión moral para que sexa válida e esixible a todo o mundo, independentemente do que cada un considere qué é o que proporciona ou non a felicidade (*deón* significa en grego deber).

Pero esta distinción entre éticas teleolóxicas e éticas deontolóxicas conduce a outro trazo ou criterio de clasificación complementario do anterior: a distinción entre éticas *materiais* e *formais*. Éticas materiais serían aquelas teorías que establecen principios e normas concretas que especifican *qué* se debe facer para actuar ben, fronte ás teorías formais que se limitan a enunciar a maneira ou forma *cómo* se debe proceder para actuar ben (a distinción entre materia e

forma é a mesma que estamos a facer cando nos referimos, por exemplo, á "forma", estrutura, condicións que debe cumprir, etc. unha mesa, en contraposición ao material ou "materia" de que está feita).

As éticas da felicidade son, polo tanto teleolóxicas e tenden inevitablemente a ser materiais, mentres que as éticas do deber son deontolóxicas e tenden a ser formais, aínda que máis adiante haberemos de matizar mellor esta afirmación. Por outra parte, parece claro que as éticas da felicidade centran a súa atención na vida particular do individuo, mentres que ás éticas do deber o fan no plano das relación interpersoais e comunitarias, é dicir na xustiza.

1.2. Evolución histórica das teorías éticas

En termos xerais pódese dicir que as teorías éticas antigas e medievais están centradas na idea de felicidade, mais que na da xustiza. A pregunta da que parten é algo así como esta: "qué debo querer verdadeiramente para min". Pola contra, as teorías da Idade Moderna xorden centradas na idea de xustiza, mesmo aparcando o ideal de felicidade se fora preciso. A pregunta á que tratan de responder é algo así como esta: "qué debo facer con respecto aos demais". Na Época Contemporánea a maior parte das teorías éticas tratan de achegar e compatibilizar ambos extremos, como veremos mais adiante.

As teorías éticas antigas elaboradas polos filósofos gregos e adaptadas mais tarde ao Cristianismo polos filósofos medievais xiran arredor da idea de felicidade. Pero paradoxalmente non chegan nunca a un acordo acerca do que é a xenuína natureza humana e, polo tanto, non coinciden sobre o que sexa a verdadeira felicidade. Visto con perspectiva histórica, é evidente que cando tratan de definir o contido da felicidade translocen valores e apreciacións nacidas do contexto socio-cultural e dos modos de vida nos que están inmersos, os cales son por definición cambiantes. Así, por exemplo, Aristóteles coloca a máxima felicidade na actividade intelectual pura, en clara correspondencia co plácido estilo de vida propio dos varóns libres e cultivados atenienses do século IV a. C. no que el está a vivir. Os epicúreos e estoicos, pola contra, desenvolven as súas teorías ao longo dunha época convulsa e insegura -o Helenismo- fronte á que buscan dous tipos de refuxio: o pracer (epicúreos) ou a aceptación serena do destino (estoicos).

Os filósofos cristiáns medievais, como Santo Tomé de Aquino, tratarán de adaptar as teorías éticas gregas ás súas crenzas sobre unha vida celestial feliz e eterna. Para eles a verdadeira felicidade só chegará coa actividade contemplativa -intelectual- da visión celestial de Deus, despois da morte (aristotelismo cristianizado); mentres tanto, só cabe unha aceptación resignada da vida terrestre á espera da felicidade celestial (estoicismo cristianizado).

En realidade nas sociedades antigas e medievais non existe unha clara separación entre a esfera pública comunitaria e a privada persoal. O individuo está inserto na sociedade dun xeito natural sen posible conflito; de aí que o ben

do individuo coincida co ben da comunidade. Pero a Modernidade, iniciada no Renacemento e desenvolta ao longo dos s. XVII e XVIII, presenta un nesgo diferente: o individuo é anterior á sociedade e a súa inserción nela ten algo de contrato voluntario e recíproco. No home moderno espértase unha conciencia de liberdade e autonomía irrenunciable. A construción da orde social aparece agora como unha comenencia, e mesmo como unha necesidade, pero haberá de ser levada a cabo dende esa autonomía. O reto da ética moderna será, polo tanto, definir o deber con relación aos demais, que deberá presentar sempre un caracter de universalidade, isto é, de obriga moral para todos e por igual.

O teórico mais notable desta nova ética foi sen dúbida E. Kant. A el débeselle a teorización dos conceptos de autonomía e heteronomía moral e o esforzo por acadar unha norma de carácter puramente racional e universal destinada a ordenar a convivencia social: o chamado *imperativo categórico* que enunciou da forma seguinte "obra de tal xeito que a túa actuación se poda converter en norma universal" (o que suporía algo así como facer o exercicio mental de poñerse no lugar de calquera outro real ou posible á hora de tomar unha decisión). Pero Kant pensou que a racionalidade e universalidade desta norma para a ordenación da convivencia era incompatible coa busca privada e particular da felicidade, que sempre se moverá por intereses particulares distorsionando a racionalidade. De aí que a súa teoría ética recomendara pospoñer a esperanza de felicidade individual para unha vida futura na eternidade (na que Kant cría sinceramente), e centrarse exclusivamente na idea de xustiza terreal.

A ética kantiana supón, polo tanto, o trunfo da ética deontolóxica e tamén formal, pois só enuncia "cómo" debemos proceder para actuar correctamente; non "qué" debemos facer en concreto, xa que isto anularía ou coartaría a liberdade e autonomía do individuo.

Pero a ética de Kant introduciu un dilema difícil de asumir para as sociedades contemporáneas: que xustiza e felicidade podan ser incompatibles, polo menos en certos casos. O reto das teorías éticas contemporáneas será superar este dilema.

2. OS RETOS DAS TEORÍAS ETICAS CONTEMPORANEAS

A primeira teoría contemporánea que tratou de saír do dilema kantiano e harmonizar a idea de felicidade coa idea de xustiza foi o Utilitarismo iniciado por J. Bentham e desenvolto por J. Stuart Mill. Esta teoría, posta en marcha a principios do s. XIX, baséase na busca de todo aquilo que é útil (de aí o seu nome) para a felicidade, que é definida como pracer ou goce do benestar. Pero a verdadeira felicidade propia require, a súa vez, a felicidade dos demais.

A súa proposta supera, pois, o marco puramente privado do antigo hedonismo epicúreo e queda expresada no principio ou lema seguinte: "a maior felicidade

para o maior número posible de persoas". Así, pois, o ben moral radica na felicidade do individuo pero esta será incompleta sen a felicidade dos demais; e esta aspiración a felicidade dos outros non é mais que o que chamamos ideal de xustiza.

2.1 A reflexión ética no contexto social e cultural da sociedades actuais

As sociedades actuais caracterízanse por unha serie de trazos que supoñen un reto para as teorías éticas.

- En primeiro lugar, as sociedades actuais presentan un estilo de vida fortemente hedonista. Unha parte desas sociedades goza dunha abundancia de bens nunca acadada noutras épocas históricas, froito da revolución industrial e tecnolóxica dos dous últimos séculos; a outra parte -por certo maioritaria- non goza deses bens pero si os coñece e aspira lexitimamente e eles (chega con recordar os constantes fluxos de emigración do terceiro ao primeiro mundo). O goce da vida terreal, non só non se rexeita xa nas nosas sociedades fortemente secularizadas, senón que mais ben se presenta como único sentido para a vida.
- En segundo lugar, os individuos das sociedades actuais teñen unha clara conciencia tanto da súa liberdade e autonomía como da súa igualdade de dereitos e oportunidades, produtos ambos das sucesivas revolucións liberais e democráticas do mundo contemporáneo.
- En terceiro lugar, as diferentes civilizacións, cos seus valores e crenzas, que estiveron durante séculos illadas e circunscritas a uns territorios fixos, mesturáronse entre si como resultado dos procesos de emigración e globalización, sobre todo nos últimos tempos, ata o punto de constituírse en sociedades multiculturais.

Estes tres fenómenos que definen aspectos básicos das sociedades actuais determinan, en boa medida, os enfoques das principais teorías éticas na actualidade. En termos xerais, estas teorías veñen a postular para a ética un dobre espazo disposto en dous círculos concéntricos: por un lado, o círculo mais estreito da busca da felicidade persoal e a súa concreción, denominado ás veces "ética máxima" porque trata de concretar o ideal de felicidade; e, por outro lado, o círculo mais amplo da xustiza ou deber con relación aos demais, denominado á súa vez como "ética mínima" por tratar de definir os deberes mínimos esixibles a todo o mundo.

É evidente que o sentido último de toda teoría ética é a busca dun ideal de autorrealización e felicidade para as persoas. Pero resulta igualmente evidente que na concreción dese ideal nunca haberá acordo nas actuais sociedades multiculturais e con valores moi plurais. Ningún modelo de felicidade será nunca universalizable, pero si pode e debe ser unha aspiración de cada quen. Agora ben, a definición e posta en práctica dun modelo persoal de felicidade ten un límite claro: deberá respectar e permitir a definición e posta en práctica de outros modelos de felicidade diferentes. Ou dito de outro xeito mais simple, nunca poderá implicar a obstaculización de outros modelos persoais

igualmente lexítimos. O obxectivo dunha ética mínima do deber cara os demais (ética da xustiza) consiste precisamente en marcar e delimitar esta fronteira, establecendo as condicións de equidade e imparcialidade para a realización de cada proxecto persoal.

2. 2. Felicidade e xustiza nas teorías actuais

Actualmente existen dúas teorías éticas especialmente empeñadas en facer compatibles as ideas de felicidade individual privada e de xustiza comunitaria. Estas teorías son o Neocontractualismo de J. Rawls e a Ética dialóxica de J. Habermas.

a) A Ética neocontractualista de J. Rawls:

A Ética neocontracualista de Rawls foi definida por el como unha "teoría da xustiza". Esta teoría propón, como procedemento, que cada individuo se coloque mentalmente nunha *posición imaxinaria* (antes de entrar na vida real, por dicilo así) na que decide contratar cos outros individuos as condicións e regras básicas polas que se deberá rexer a futura sociedade na que van a vivir todos eles. Pero, antes de facer este contrato, el e os outros individuos deberán cubrirse voluntariamente cun *veo de ignorancia* que lles impida coñecer cales serán as aptitudes que haberán de ter, así como a posición que ocuparán na futura sociedade.

Nestas condicións ninguén propoñería a existencia de ningún privilexio -porque puidera ser o outro o destinatario do mesmo- e establecerían unhas condicións de equidade tales que todos estarían dispostos a aceptar. En primeiro lugar, unha igualdade básica en canto ao acceso aos bens primarios. Como moito, aceptarían que houbese certas diferenzas con dúas condicións: 1) que se dese unha autentica igualdade de oportunidades para acceder ás posicións e cargos mellores, e 2) que das vantaxes que teñen os mellor situados se deriven tamén beneficios para os menos favorecidos. Así, por exemplo, se un médico gañara mais diñeiro que un traballador manual, só se xustificaría baixo dúas condicións: 1) que o traballador gozara, no seu momento, das mesmas oportunidades para chegar a ser médico, e 2) que o traballador puidera beneficiarse dos coñecementos do médico en caso de que contraera unha enfermidade.

Así pois, a teoría da xustiza de Rawls, non só da entrada á idea da busca persoal da felicidade, senón que mesmo a coloca como motor de todas as decisións, de xeito similar a como propoñía o Utilitarismo. Pero, coa condición do "veo de ignorancia", Rawls establece un verdadeiro freo a toda posible forma de egoísmo irracional na que pode desembocar a busca de felicidade persoal, tal como quería Kant.

É evidente, polo tanto, que a teoría ética de Rawls trata de harmonizar, con habilidade, os dous grandes polos das teorías éticas: o ideal de felicidade

persoal e o ideal de xustiza social. Sen embargo, presenta unha certa debilidade como ferramenta práctica para a vida real das nosas sociedades, xa que non pasa de ser un certo artificio teórico dificilmente aplicable na práctica. O "veo de ignorancia" sería un instrumento eficaz se se dera na realidade pero non o é -ou éo moi escasamente- cando se leva a cabo só na imaxinación.

b) A Ética dialóxica de J. Habermas:

A Ética dialóxica, ou *discursiva* como se chama ás veces, pretende ser máis eficaz no plano práctico que a Ética de Rawls. Esta teoría desenvolta por K.O. Apel e sobre todo por J. Habermas, parte -como tódalas teorías modernas- dunha concepción do individuo como suxeito autónomo, posuidor dunha liberdade irredutible e anterior á sociedade. Agora ben, a autonomía e liberdade do individuo só se desenvolve e consolida nunha interconexión racional e lingüística cos outro individuos. Cómpre falar, entonces, de suxeitos *dialóxicos*, isto é de individuos que se realizan en interaccións comunicativas cos outros, mais que de suxeitos *monolóxicos,* que só lateralmente entran en contacto cos demais.

A partir destes presupostos, toda aspiración persoal á felicidade individual que poida interferir ou entrar en colisión con aspiracións semellantes dos outros deberá ser sometida a un diálogo sincero en busca dunha harmonización. O resultado dese diálogo deberá establecer qué intereses privados son compatibles con outros intereses tamén privados, e polo tanto lexítimos, e qué intereses son xeneralizábeis e desexables para todo o mundo, e polo tanto, socialmente xustos.

Así pois, a Ética dialóxica ven a substituír o procedemento puramente teórico e imaxinario do "veo da ignorancia" rawlsiano (e do "imperativo categórico" kantiano) polo procedemento práctico e real do diálogo en comunidade. Sen embargo, esta teoría ética mostra tamén certa debilidade cando é levada á practica na vida real, pois un auténtico diálogo require dous requisitos difíciles de cumprir na práctica: 1) que os interlocutores se atopen en condicións de igualdade e simetría (ausencia de todo tipo de presións, unha mesma capacidade para argumentar, expoñer e publicitar a súas posturas, un mesmo espazo e tempo dispoñible para convencer, etc), e 2) que os interlocutores sexan sinceros no manexo dos argumentos e busquen de verdade o entendemento entre eles, aínda que isto signifique ter que recoñecer a ilexitimidade das propias aspiracións. De non darse tales condicións, o diálogo puidera converterse nun simple instrumento ou estratexia hipócrita de dominio sobre os demais.

ACLARACIÓNS E PRECISIÓNS DA SECCIÓN 7ª

1. A filoxénese

As teorías fixistas e preevolucionistas só teñen un interese histórico pero non científico. O evolucionismo foi sendo progresivamente desenvolto e formulado nos últimos dous séculos até quedar fixado actualmente na chamada "teoría sintética" que une as ideas básicas de Darwin coas apartacións da xenética actual. Estas ideas poderían sintetizarse nos termos seguintes: os seres vivos, antes de morrer, reprodúcense prolificamente facendo copias de si mesmos pero con variacións debidas ás mutacións e á mestura dos seus aportes xenéticos cos de outros seres vivos; o medio natural coas súas características diversas e barreiras xeográficas funciona como un filtro que selecciona aos que presentan as características máis axeitadas para sobrevivir, empezando de novo o ciclo. A prolongación dos procesos ao longo de períodos de tempo moi extensos acaba xerando toda a biodiversidade da que tamén forma parte a especie humana.

2.- A antropoxénese

No caso da especie humana hai que distinguir dous planos: o da "hominización" ou evolución biolóxica que segue o mesmo proceso que o do resto das especies, e o da "humanización" ou evolución social e cultural que, aínda que responda en parte a unha lóxica similar á da anterior, sen embargo se diferenciaría del porque é xa controlada e dirixida pola propia intelixencia dos humanos. Pero estes dous procesos non son independentes senón que se implican e alimentan mutuamente, facendo que ámbolos dous se aceleren moi rapidamente; de aí a sorprendente rapidez da antropoxénese, comparada coa lentitude da evolución das outras especies.

3.- A socioxénese

A socioxénese ou proceso de humanización non é separable do proceso biolóxico de hominización. A teoría do "punto crítico" que establecía unha ruptura entre o plano da hominización e o da humanización é rexeitada pola ciencia actual. De feito, na descrición das distintas especies de homínidos anteriores á actual é imposible separar os avances e transformacións anatómico-biolóxicas dos desenvolvementos sociais e culturais e estes desenvolvementos non deixarán de producirse até a actualidade.